

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as 20 horas e 50 minutos do día quince de outubro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.-Instancia núm. 201300000001292 de don Jesús Luís Vieites Maza.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, consistente en cambiar a cuberta colocando uralita e tella, nunha superficie aproximada de 55 m², situada en Picón, 13, en solo cualificado no PXOM como Solo de Núcleo Rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, e en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia , a tella será cerámica.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e oito euros con setenta e sete céntimos (#58,77#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2.2.- Instancia núm. 201300000001304 de dona Lourdes Insua Senín.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 100 m² en planta, consistente en repoñer a tella na súa vivenda situada en Silvaescura nº 8, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con noventa e seis céntimos (#74,96#).

2.3.- Instancia núm. 201300000000977 de Amelia Otero Gestoso.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Sales (San Fiz) - VEDRA, solicita licenza para Reforma de cuberta de edificación, situada no lugar de A Gándara (San Fins de Sales), emprazada en Solo Urbano non consolidado (PERI-A. A GÁNDARA) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, nos termos do proxecto presentado por Alberto Iglesias Hortas en calidade de Arquitecto Técnico e cun presuposto de 18,962,60 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase nos termos do proxecto presentado.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos setenta e nove euros con vinte e cinco céntimos (#379,25#)

2.4 Instancia núm. 201300000000894 de Jorge Casal Vázquez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Cibrán (San Xián de Sales) solicita licenza para construcción de vivenda unifamiliar en Cibrán (San Xián de Sales), emprazada en Solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, número de plantas S+B. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m, e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Fernando Palomino Barba e cun orzamento de 70.000,00 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construirase de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, deberá dota-la finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e da conexión ao saneamento municipal de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

Ademais deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista, ordenanza que se aplica, destino da construcción, data da licenza prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (75 m^2).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil catrocentos euros (#1.400,00#).

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación núm. 1 e única da obra de *Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde*, incluídas no POS 2013.

Dáse conta da certificación núm. 1 e última da obra de *Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde*, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2013 da Deputación Provincial, e mais da factura núm. 080/13 da empresa adxudicataria, Martinez Montes e Hijos, S.L, por importe de trinta e oito mil noventa e seis euros con oitenta e cinco céntimos (#38.096,85#), sendo a directora da mesma a arquitecta técnica municipal dona Clara Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas.

Núm. Factura	Provedor/Acreedor	Importe	Descripción
1130711483079	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	8,01 €	Subministro ao cemiterio de Ponte Ulla mes xullo
5	González Castroagudín, Sonia	2.087,25 €	Impartir curso atención a dependentes mes agosto
3.229	Acredores diversos	29,52 €	Tícket de Eroski por produtos para madrugadores
5 Tíckets	Acredores diversos	39,35 €	Produtos para a ludoteca de verán 2013



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1301064929	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	223,12 €	Aluguer locais estación Sta. Cruz mes setembro
A411	Neumaticos Fuentes Barreiro S.L. (Neumaticos Manolo)	95,11 €	Reparación roda tractor Lamborghini E9223BBB
2013/2337	Sogama S. A.	8.824,17 €	Tratamento de residuos mes agosto
1CSN13090115 284	Cide Hcenergia, S.A.	198,73 €	Subministro alumeadoo público Caldelas do 30/06 ao 16/08
274/13	Talleres y Repuestos Barco S.L.	780,90 €	Repostos para tractores e maquinaria en agosto
393	Ilusiones Magicas, S.L.	726,00 €	Actuación <i>Mago Richard</i> dentro da rede cultural da Deputación 2013
48	Grupo Acofide, S.C.	748,99 €	Xestión piscina municipal (prolongación 8 días setembro)
A00268	Sociser Galicia, S.L.	2.464,73 €	Servizo asistencial a domicilio mes agosto
A00269	Sociser Galicia, S.L.	6.485,58 €	Horas SAF dependencia mes agosto
3013000513	Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L.	457,09 €	Revisión tractor John Deere E-7264-BFN en setembro
SE/13/04	Pérez Gómez, Marcos Javier	415,03 €	Subministro de espellos para as vías públicas
900.198	Hierros Diego, S.L.	107,06 €	Materiais para arranxo ventás CEIP Santa Cruz
D028267	Diario Oficial Galicia	124,66 €	Taxa publicación anuncio expediente de urbanismo (actividades clasificadas)
05/2013	Asociación Musical O Recobio	700,00 €	Actuación dentro da rede cultural da Deputación 2013
6	González Castroagudín, Sonia	1.808,95 €	Impartir curso atención a dependentes mes setembro
88	García García, S.C.	407,53 €	Produtos para a sardiñada da 3ª Idade 2013
130	Banda Musica Santa Cruz	12.000,00 €	Doce actuacións correspondentes ao Convenio 2013
CI0672348668	Vodafone España, S.A.U.	1.250,89 €	Servizo telefonía fixa e móvil do 15-08-13 ao 14-09-13
130.000.403	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	148,27 €	Materiais para a piscina servidos en agosto
130.000.377	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	199,53 €	Materiais para mantemento locais municipais servidos en agosto
13/0132	M.C. Mapoca, S.L.	71,39 €	Materiais para campos festa Vedra e Santiago
13/0134	M.C. Mapoca, S.L.	181,37 €	Materiais para o CPI de Vedra e outros en agosto
13/0133	M.C. Mapoca, S.L.	247,70 €	Materiais para mantemento de vías públicas servidos en agosto
TA4D40034967	Telefónica de España, SAU-Movistar	-15,09 €	Servizo telefonía fixa sede P. Civil mes agosto
1130711504883	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	9,39 €	Subministro bombeo de Socastro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			mes xullo
50327440	Ricoh España, SLU	353,81 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais mínimo mes setembro
37	Camino Bouzón, Miguel Angel	139,15 €	Traballos realizados na gardería en xullo
38	Camino Bouzón, Miguel Angel	43,56 €	Traballos realizados na piscina en xullo
39	Camino Bouzón, Miguel Angel	78,65 €	Traballos realizados en Agronovo en xullo
40	Camino Bouzón, Miguel Angel	21,78 €	Traballos realizados na casa da 3ª Idade en xullo
44	Camino Bouzón, Miguel Angel	853,05 €	Traballos na piscina e campo fútbol Vedra en agosto
45	Camino Bouzón, Miguel Angel	287,98 €	Traballos realizados no CPI de Vedra en agosto
09/2013	Telefónica de España, SAU-Movistar	252,60 €	8 fras. de setembro por servizos de telefonía fixa en agosto
09/2013	Telefónica de España, SAU-Movistar	-51,12 €	4 fras. de setembro por regularización telefonía fixa en agosto
P305.644	Editorial Compostela, SA	383,74 €	Concerto de publicidade ano 2013 mes setembro
6308076518	ACV Cobian Varela y Asociados, S.L.	95,54 €	Recibo seguro alumnos curso atención a dependentes
35/13	Panadería Victoria-Jesus Rodriguez Mogo	570,00 €	Comidas descenso piraguas Agronovo 2013, con achegas dos participantes
100.326	Clave Denia, S.A.	93,34 €	Detalles para atencións protocolarias (nacementos)
201317863	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	1,75 €	Bolsas para a campaña de axuda ao neno José M. Iglesias
91028134	Acredores diversos	34,46 €	Tícket de Eroski por produtos para madrugadores
2013//9056	Barreras de Seguridad, SL	847,00 €	Espellos e postes para vías públicas municipais
08/2013	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	60,27 €	4 fras. agosto por subministro a 4 escolas en xullo e agosto
1130711482.66 4	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	176,14 €	Subministro a centro de saúde de Vedra mes xullo
1130711522888	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	37,50 €	Subministro ao centro de saúde de Sta. Cruz mes xullo
2013/056	Xestedec Comunicación	466,44 €	Impresión boletín municipal mes agosto
2013/061	Xestedec Comunicación	466,44 €	Impresión boletín municipal mes setembro
2013/059	Xestedec Comunicación	398,09 €	Traballos promoción turística de Vedra co gallo da Volta Ciclista
ST/005706	Sistemas Coruña. SA-Canon	138,22 €	Reparación fax das oficinas xerais en setembro
359	Maderas C. Lata S.L.	27,04 €	Materiais para obras no campo de fútbol San Mamede
0101-1300970	Coregal - COGAMI Reciclado	34,98 €	Recollida de residuos no punto



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



	de Galicia S.L.		limpo en agosto
VD 09/2013	Ana Naya Garcia. S.L.	6.172,30 €	Servizo de gardería na escola infantil mes setembro
A/800	Galiza Verde, S.L.	815,25 €	Xestión e transporte de residuos do punto limpo en setembro
I65/2013	Asociación de Voluntarios AVAN	80,00 €	Servizo de ambulancia obligatorio para o espectáculo pirotécnico da noite do luns do Patio
08/2013	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	5.245,14 €	Fras. de agosto por subministro alumeados públicos mes xullo
F133211283408 75	Gas Natural Servicios SDG S.A.	275,75 €	Subministro a bombeo de Paradela mes xullo
F133211285659 04	Gas Natural Servicios SDG S.A.	253,79 €	Subministro a bombeo de Sol mes xullo
F133211283408 71	Gas Natural Servicios SDG S.A.	1.175,90 €	Subministro a depuradora Calzande mes xullo
08/2013	Gas Natural Servicios SDG S.A.	1.225,67 €	Fras. de agosto por subministro a 5 alumeados públicos en xullo
F133211283408 74	Gas Natural Servicios SDG S.A.	584,18 €	Subministro ao CPI de Vedra mes xullo
F133211283408 68	Gas Natural Servicios SDG S.A.	178,35 €	Subministro á gardería municipal mes xullo
F133211283408 73	Gas Natural Servicios SDG S.A.	429,93 €	Subministro á casa consistorial mes xullo
46/2013	Asociación Terras de Compostela	1.000,00 €	Cota de socio do Concello de Vedra anualidade 2013
97.005.189	Fornecimentos Galegos, SL (Foga)	328,48 €	Fotocopias máquina planta baixa mes setembro
908/13	Gráfica de Asturias S.L.	133,37 €	Material de oficina subministrado en setembro
277-11/13F	Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA	10.016,50 €	Subvención 3T/2013 por prórroga contrato xestión servizos abastecemento de auga potable e saneamento
310/4	Alquimao S.L.	629,20 €	Servizo aluguer maquinaria diversa para obras
9	Suárez Barreiro, Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue de peregrinos mes setembro
13/2175	Persianas José, Cea S.L.	22,99 €	Lámina persiana para mosquiteiros do CEIP de Santa Cruz
152	Canteiras Grandeiro-Manuel Abraldes Fernandez	36,30 €	Materiais para obras no campo de fútbol de San Mamede
013/53	Amextreme Kayak-Fernandez Vazquez Jose Luis	484,00 €	Actividade deportiva en Agronovo verán 2013
124/2013	AIG Europe, S.A.	2.335,30 €	Póliza de responsabilidade civil núm. EA13AP1189 para os empregados municipais
1130811251433	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	10,99 €	Subministro ao cemiterio de Ponte Ulla mes agosto



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



3115035940731	Halcourier Coruña, S.L.	14,59 €	Transporte de carteis publicitarios <i>Espazo Activo da Ulla</i> dende a Deputación a Vedra
S13/116347	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrición a <i>La Voz de Galicia</i> mes setembro
12.232	La Bata-P. Posse Varela	156,67 €	Vestuario para o persoal do servizo de ATD (axuda fogar)
D70945	Diario Oficial Galicia	135,50 €	Taxa publicación anuncio urbanismo (expediente mod. PXOM en Sta.Cruz)
900.479	Hierros Diego, S.L.	278,78 €	Materiais para obra campo fútbol San Mamede
13-1213	Puente Ulla S.L.	59,60 €	Gasolina para a brigada verde subministrada en setembro
13-1212	Puente Ulla S.L.	1.471,52 €	Gasóleo para camión recollida lixo mes setembro
13-1207	Puente Ulla S.L.	913,41 €	Gasóleo B para tractores subministrado en setembro
97004008	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	146,42 €	Fotocopias máquina planta baixa mes xullo
3333188/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrición a <i>El Correo Gallego</i> mes outubro
10/2013	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal + na casa 3ª Idade mes outubro
1310C0294529	Securitas Direct S.A.	234,10 €	Mantenemento alarma casa consistorial 4T/2013
1310C0297970	Securitas Direct S.A.	166,04 €	Mantenemento alarma casa 3ª Idade 4T/2013
1310C0324199	Securitas Direct S.A.	151,81 €	Mantenemento alarma oficina turismo 4T/2013
1310C0340012	Securitas Direct S.A.	169,19 €	Mantenemento alarma biblioteca municipal 4T/2013
13/10	Freiria Suarez Jose Maria	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes setembro
013 00750	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	1.242,59 €	Servizos prestados no punto limpo mes setembro
317/13	Talleres y Repuestos Barco S.L.	127,80 €	Repostos para maquinaria da brigada verde mes setembro
130000431	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	594,35 €	Produtos e materiais de obras varias
309/9	Pazos y Vieiro, S.L.-FPV	161,50 €	Materiais para obra campo fútbol San Mamede e outro
4001188732	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	374,35 €	Servizo de franqueo pagado mes setembro
49	Grupo Acofide, S.C.	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes setembro
99	García García, S.C.	104,36 €	Produtos para o persoal servizo atención a dependentes
100	García García, S.C.	314,15 €	Produtos para limpeza do CPI de Vedra
101	García García, S.C.	174,36 €	Produtos para actividades deportivas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



102	García García, S.C.	45,67 €	Produtos subministrados para o punto limpo
103	García García, S.C.	74,79 €	Vestiario e outros para o servizo de recollida do lixo
1301072898	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	223,12 €	Aluguer locais estación Sta. Cruz mes outubro
104	García García, S.C.	446,65 €	Materiais para mantemento de diversos locais municipais
109	García García, S.C.	808,16 €	Materiais para a brigada de obras
13/0155	M.C. Mapoca, S.L.	29,40 €	Materiais para mantemento do polideportivo e outro
13/0153	M.C. Mapoca, S.L.	333,66 €	Materiais para obras no campo de fútbol de San Mamede
13/0154	M.C. Mapoca, S.L.	58,27 €	Materiais para mantemento CEIP de Sta. Cruz e escola de San Xián
13/056	M.C. Mapoca, S.L.	18,27 €	Materiais para mantemento do CPI de Vedra
30	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia	82,50 €	Produtos para celebración da padroa da casa da 3ª Idade
0503/E13	Talleres San Fins S.L.	1.696,05 €	Reparación desmalezadoras en setembro
0502/E13	Talleres San Fins S.L.	440,57 €	Reparación vehículo brigada verde en setembro
0501/E13	Talleres San Fins S.L.	104,12 €	Reparación vehículo brigada de obras en setembro
0500/E13	Talleres San Fins S.L.	62,19 €	Reparación desmalezadoras brigada verde en setembro
0499/E13	Talleres San Fins S.L.	42,96 €	Reparación tractor J. Deere E7264BFN en setembro
0498/E13	Talleres San Fins S.L.	783,87 €	Reparación tractor J. Deere E2564BDT en setembro
0475/E13	Talleres San Fins S.L.	45,98 €	Reparación roda de remolque en setembro
0497/E13	Talleres San Fins S.L.	670,16 €	Reparación retroexcavadora Fiat en setembro
92782417	Siemens Renting, S.A.	453,51 €	Renting fotocopiadora planta baixa mes outubro
2013542	Electricidad Cruceiro, SL	2.052,97 €	Mantemento alumeadoo público mes setembro
2013/2571	Sogama S. A.	7.881,97 €	Tratamento de residuos mes setembro
N13-2160	Hércules Ediciones S.A.	125,50 €	Un exemplar do volume <i>Camiño Norte</i> (tomo III da obra <i>Os Camiños de Santiago</i>) para a biblioteca municipal
7.329	Hotel Balneario Augas Santas, S.L.U.	1.080,00 €	Gastos de balneario e comida da excursión da 3ª Idade a Pantón (Lugo) sufragados coas achegas dos participantes
33 7434	Ulla-Oil S. L.	1.407,36 €	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			outubro
23 2685	Ulla-Oil S. L.	1.925,01 €	Gasóleo A (achega en nave Trobe) subministrado en outubro
1300000409	Drogería-Ferretería El Sol, SL	299,16 €	Materiais para pintura do cerrado do CEIP de Santa Cruz
53	Camino Bouzón, Miguel Angel	821,59 €	Traballos realizados na escola de San Xián en setembro
52	Camino Bouzón, Miguel Angel	33,88 €	Traballos realizados na casa da 3ª Idade en setembro
A00302	Sociser Galicia, S.L.	2.106,30 €	Servizo asistencial a domicilio mes setembro
A00303	Sociser Galicia, S.L.	7.494,12 €	Horas SAF dependencia mes setembro
	Membros da Mesa de Contratación	297,44 €	Total indemnización polas reunións mantidas os días 26/09/2013 e 02/10/2013 para a adjudicación do contrato de mellora da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas de alumeadío público en Viñogrande e Laraño
	Martínez Carrillo, Carlos	263,80 €	Quilometraxe, peaxes autoestrada e aparcamentos polas xestións da Alcaldía no mes de setembro
	Piñeiro Caldelas, Mª Jesús	174,50 €	Quilometraxe polas xestións oficiais realizadas nos meses de xullo, agosto e setembro
	Vilas Giadanés, Mª Cruz	151,50 €	Quilometraxe de setembro
	Crespo Souto, Vanessa	20,00 €	Quilometraxe de febreiro a maio
	Vilarinho Rodríguez, Mª Cristina	65,25 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro
	Rendo Rial, Pastora	33,75 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro
	Graña Campelo, Pilar	55,50 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro
	Orosa Carpinteiro, Cristina	64,75 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro
	Iglesias Parada, Carmen	37,50 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes setembro

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas, coa abstención do Sr. Alcalde nas referentes a Drogería-Ferretería El Sol, SL.

Así mesmo acorda rexeitar as facturas que de seguido se indican porque ditas facturas teñen tramitado o cambio de titular do cliente dende novembro de 2012, a favor



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



da Escola Deportiva Ribadulla, con CIF G15936883, que ademais son os titulares da conta bancaria onde se atopan os recibos domiciliados.

Nº Fact	Proveedor	Importe	Descripción
07/2013	Gas Natural Servicios SDG S.A.	409,55 €	Dúas fras. De xullo (FE13321126615861 e FE13321126550496) por subministro a campo fútbol Sta. Cruz meses maio e xuño (indicador pago 0AC800227_0132)
FE1332112834 0869	Gas Natural Servicios SDG S.A.	125,08 €	Fra. de agosto por subministro a campo fútbol Sta. Cruz mes xullo (indicador pago 0AC800235_0132)

5º.- Aprobación do padrón da taxa de abastecemento de auga do 3º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 3º trimestre de 2013, remitido pola empresa concesionaria do servizo Aquagest, Promoción Económica e Financiera de Abastecementos de auga, S.A, cuxo resumo é o seguinte: contribuíntes: 94; m³ facturados: 2.154 ; importe total: 2.604,31 euros; Canon da auga: 694,64 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Escrito núm. 201300000001317 da Asoc. Cultural San Campio.

Dáse conta do citado escrito no que don José García García, en calidade de presidente da Asoc. Cultural San Campio, expón que os días 26 e 27 de outubro de 2013 a citada entidade organiza unha nova edición do Espazo Activo da Ulla, solicitando a colaboración económica do concello para afrontar os gastos do evento.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de oitocentos (#800#) euros, debendo achegar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida para o cobro da mesma.

6.2.- Escrito núm. 201300000001367 do Concello de Outes.

Dáse conta do citado escrito no que o Concello de Outes, organizador do XVI Torneo Intermunicipal de Fútbol Sala Sénior, e segundo as cláusulas estipuladas no convenio de colaboración entre os concellos de Outes, Boqueixón, Vedra, Touro, Teo, Val do Dubra, Santa Comba, Negreira, Arzúa e Frades, achega os xustificantes do gasto derivado da realización do dito torneo para os efectos de solicitar a achega correspondente a cada Concello.

A Xunta de Goberno acorda aprobar dita xustificación e realizar a achega por importe de catrocentos euros (400,00 €) establecida na cláusula segunda do convenio de colaboración asinado o 22 de abril de 2013.

6.3.- Escrito núm. 201300000001043 da Dirección Xeral de Mobilidade.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Mobilidade, relativo ao Transporte Metropolitano de Galicia, no que solicitan que se faga efectivo o ingreso da achega correspondente ao 2013, segundo a liquidación que se presenta.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a liquidación presentada para o exercicio 2013, liquidación do 2012, por importe de 6.219,70 euros.

6.4.- Escrito núm. 201300000001042 da Dirección Xeral de Mobilidade.

Dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Mobilidade, no que presentan a liquidación do gasto social do Transporte Metropolitano relativo aos exercicios 2012-2013, cun saldo resultante de 2.486,76 euros de remanente a favor do concello de Vedra.

A Xunta de Goberno acorda aplicar o remanente resultante da liquidación, unha vez estimado o gasto real de 2013, a compensar a liquidación do punto 6.2 do gasto de transporte metropolitano.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.